



Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamacións orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio 2022.

[REDACTED], en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos, 2. Teis. Vigo.

Que o pasado 18 de novembro de 2021, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 223, o anuncio polo que se somete a información pública o orzamento xeral do Concello de Vigo para o exercicio de 2022 e polo que presentamos as seguintes reclamacións:

ALEGACIÓN Nº1

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida concreta que recolla a eliminación vertido de augas fecais na rúa Arnela.

Nun regato da rúa Arnela, especialmente visíbel entre os números 19 e 25, podemos comprobar a existencia de augas fecais, este regato desembocan no regato do Paraixal.

Unha parte da veciñanza que vive no entorno queixase desde hai anos das augas fecais, ademais da presenza de moitas ratas.

Esta Asociación presentou escritos denunciando esta situación tanto ao Concello como a Aqualia.

Ademais, este caso denunciouse por parte dalgunha veciña de xeito reiterado ao longo dos últimos dez anos ao Concello de Vigo, a Aqualia e a Augas de Galicia.

Que se proceda a incluír unha nova partida, “ **Mellora saneamento rúa Arnela** “ de 110.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9120 2279905, “programas Alcaldía” ficando esta partida de 120.000,00 euros en 10.000,00 euros.

ALEGACIÓN Nº2

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a construción de novas beirarrúas no barrio de Teis.

No barrio de Teis, podemos aínda observar como hai rúas que carecen dunha simple beirarrúa nalgunha das marxes. Esta situación provoca perigo para a veciñanza que vive ou pasar por estas rúas, pois son rúas moi transitadas e con risco de atropelo.

Esta asociación xa ten solicitado a este goberno municipal, a necesidade de construír beirarrúas nestas rúas, pero até o de agora non foi unha prioridade.



Aquelas rúas nas que sería máis urxente actuar son a rúa da Oliveira, rúa Gerardo Campos Ramos, rúa Roris e finalizar a beirarrúa na rúa Foxos.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de construción de beirarrúas en Teis, por un importe de 350.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **Plan beirarrúas en Teis** “ de 350.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320 2279902, “ promoción turística destinos rotas aéreas “ ficando esta partida de 2.300.000,00 euros en 1.950.000 euros.

ALEGACIÓN Nº3

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a mellora do parque da Riouxá.

É un dos grandes parques da cidade, pero necesita mellorar tanto no seu mantemento como nas dotacións, pois é un espazo descoñecido e desaproveitado pola deixadez municipal.

Na década dos anos 90 realizouse a ampliación da baixada a Rotea, collendo terreos do parque, pero quedou pendente de facer unha parte do muro que rodea o parque. Este muro leva sen finalizarse uns 30 anos.

Desde fai anos vimos denunciando que os parques infantís existentes son insuficientes para atender as necesidades das familias do barrio. Polo que consideramos necesario a ampliación do parque infantil existente na Riouxá.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de mellora do parque da Riouxá, por un importe de 250.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **Mellora parque da Riouxá** “ de 250.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4310-2279901, “ programa de decoración e animación nadal “ ficando esta partida de 850.000,00 euros en 600.000 euros.

ALEGACIÓN Nº4

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla o asfaltado de rúas e camiños en Teis.

Desde fai anos vimos denunciando o mal estado do firme de moitas rúas de Teis, que non se soluciona con tapar unhas fochancas.



Aquelas rúas nas que sería máis urxente actuar son a rúa Gerardo Campos Ramos, camiño do Laranxo, avenida de Guixar, rúa Julian Estevez, 1º travesía de Foxos incluíndo o estacionamento, Doutor Corbal tramo final.

Polo que entendemos que debe incluírse unha nova partida de asfaltado en Teis, por un importe de 200.000 euros.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **Plan asfaltado en Teis** “ de 200.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9120- 2279906, “producción e seguimento plan de medios” ficando esta partida de 280.381,15 euros en 80.381,15 euros.

ALEGACIÓN Nº5

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla a mellora do acceso as vivendas do grupo San Pablo.

O único acceso as vivendas ao grupo San Pablo, realizase a través da rúa Robleda, pero esta rúa a altura destas vivendas é moi estreito e só permite o acceso de turismos con normalidade, pero non de vehículos de emerxencia como camiións de bombeiros e con moitas dificultades ambulancias, coches de determinados tamaños ou furgonetas dun certo tamaño.

O pasado 1 de xullo, houbo un escape de gas nunhas vivendas do grupo San Pablo, pero o vehículos de bombeiros non puido acceder a vivenda afectada, polas estreites da vía.

A rúa Robleda, neste tramo linda coa antiga vía do ferrocarril, onde na actualidade están coas obras do proxecto da “ Vía Verde “.

Ademais, de ampliar o acceso é necesario facer un novo muro entre os terreos da “ Vía Verde” e a rúa Robleda, pois o actual está moi deteriorado, filtra auga, hai perigo de derrube nalgúns puntos.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **Mellora acceso as vivendas do grupo San Pablo** “ de 150.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4310- 2279900, “ instalación e mantemento do alumeadado de nadal ” ficando esta partida de 1.000.000 euros en 850.000 euros.

ALEGACIÓN Nº6

Que estudada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida para a mellora equipamento da EDAR Teis.

Que a depuradora de Teis, foi executada durante os anos 2000 e 2001 pola Xunta de Galiza, pasou a explotación municipal en xullo de 2001.

Segundo recollen informes municipais os caudais actualmente da planta son superiores aos previstos cando foi deseñada. Ademais, esta Asociación e colectivos ecoloxistas temos denunciado publicamente e as diferentes administracións vertidos de augas sen tratar desde esta planta.

Polo que sería necesario, actualizar os equipos de desinfección da planta así como os niveis de control dos parámetros de vertido.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ **mellora equipamento EDAR de Teis** “ de 700.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 3260- 2279917, “ programa educativo aulas internacionais” ficando esta partida de 2.220.000,00 euros en 1.520.000 euros.

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se teñan en consideración estas reclamacións e se inclúan estas novas partidas na aprobación dos orzamentos 2022.

Vigo, 13 de decembro de 2021.



Antonio Collazo Collazo
Presidente A.V. de Teis